



I CONCURSO DE XÓVENES MANEXADORES VEGADEO 19

BASES DO CONCURSO

CONDICIÓNS XERAIS

1.- O Concurso celebrarase o **Venres, 25 de Xaneiro ás 17:00 horas** no Recinto Feiral de Vegadeo.

2.- Antes do Concurso, terá lugar unha Demostración de Manexo para tódolos presentes e en especial para os participantes neste Concurso.

3.- Nel poderán participar a título individual, todos aqueles xóvenes de calquera procedencia e cuxa idade non exceda os 30 anos, inclusive.

4.- Dada a diferenza de idade entre os posibles participantes, establécense as seccións segundo se indica no punto 5.

5.- SECCIÓNS:

Sección 1ª: Competirán xóvenes que teñan **ata de 18 anos inclusive**.

Sección 2ª: Competirán xóvenes de **maiores de 18 ata 30 anos, inclusive**.

Sección 3ª: CAMPIONATO: Competirán polos títulos de CAMPIÓN, SUBCAMPIÓN e MENCIÓN DE HONRA os tres primeiros clasificados nas seccións 1, 2.

6.- As seccións serán xulgadas empezando polos manexadores de máis idade, permitindo así, que os máis xóvenes poidan aprender as técnicas que os maiores empregan.

7.- No caso de que algunha sección teña menos de 3 participantes, serán incluídos na sección anterior ou posterior, en función da súa idade.

8.- Tomarase como data de referencia para determinar a idade dos concursantes o 25 de Xaneiro de 2019.

9.- Sendo o obxectivo do concurso, formar e estimular os xóvenes nas tarefas de doma, manexo e presentación de gando, cada participante estará obrigado a preparar o animal co que vaia concursar.

10.- Os máis xóvenes poderán ser axudados nos traballos mencionados (punto 9) polos seus pais, colaboradores do Clube ou outras persoas que se encontren no recinto.

11.- Os concursantes participarán obrigatoriamente, con animais inscritos na subasta.

CONDICIÓNS DE PRESENTACIÓN

No momento de presentación dos animais en pista, cada manexador deberá:

12.- Obrigatoriamente, ir uniformado con **CAMISA E PANTALÓN BRANCOS**.

13.- Comprobar que o animais que vaia exhibir esté perfectamente domado, limpo e en condicións para saír a pista.

14.- Estar atento ás instrucións que se den e presentarse puntualmente na pista, cando e cantas veces sexa requirido.

15.- Unha vez en pista, estar atento en todo momento, ás indicacións do xuíz e actuar, correcta e rápidamente, de acordo ás mesmas.

16.- Manter en todo momento o animal baixo control, procurando non distraer nin molestar aos outros concursantes.

17.- Estar preparado para responder a calquera pregunta que o xuíz poida facerlle con respecto ao animal que conduce (idade, país, etc).

18.- Recordar que unha sección non acabou ata que o xuíz o indique, polo tanto, toda colocación será provisional ata dito momento.

19.- Aceptar e asumir deportivamente as decisións do xuíz, mantendo en todo momento unha actitude correcta e respetuosa tanto co Xuíz coma cos compañeiros.

XULGAMENTO

O xulgamento do Concurso de Xóvenes Manexadores correrá a cargo do Xuíz Nacional. **Serán misións deste xuíz:**

20.- Valorar as habilidades dos manexadores (doma e presentación) sen ter en conta as características morfolóxicas dos animais que presenten.

21.- Xulgar cada sección por separado.

22.- Dalas explicacións do por qué da colocación en cada unha das seccións xulgadas, procurando aconsellar os xóvenes como mellorar a súa técnica.

23.- Proceder á colocación final dos manexadores, tendo en conta as tres premisas básicas que estes deben observar (preparación do animal, técnica de presentación

e actitude demostrada en pista, tanto hacia os seus compañeiros como ás indicacións do xuíz).

24.- As decisións do xuíz serán inapelables, por tanto, a participación implica a aceptación das mesmas.

PREMIOS

25.- Outorgaranse diplomas aos 3 primeiros clasificados das seccións 1, 2.

26.- No Campionato (sección 3), concederanse os trofeos de cristal do clube de xovenes gandeiros de Galicia.

DISPOSICIÓN FINAIS

27.- A participación supón a aceptación de tódalas normas contidas no presente reglamento.

28.- A comisión organizadora decidirá sobre todas aquelas cuestións que se puidesen suscitar na interpretación do regulamento, ou que non estivesen recollidas no mesmo.